

Luns, 22 de xullo de 2019

Núm. 139

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### *CORRECCIÓN DECRETO NOMEAMENTO XEFA DE GABINETE DE ALCALDÍA*

*A efectos de coñecemento xeral, efectúase a publicación do decreto de Alcaldía nº 2019- 0796 do 12 de xullo de 2019 de corrección do decreto de Alcaldía nº 2019-0700, de 21 de xuño, de nomeamento de Xefa de Gabinete da Alcaldía como persoal eventual:*

“Vista a Resolución de Alcaldía nº 2019-0700, de 21 de xuño de 2019, relativo ao nomeamento de Dna. M.<sup>a</sup> Laura Baliño Gómez como Xefa de Gabinete de Alcaldía.

Observado erro na redacción do nomeado Decreto.

E de acordo coas facultades que me confire a lexislación vixente, nesta data

#### RESOLVO

**Primeiro.-** Corrixir o Decreto da Alcaldía nº 2019-0700, de 21 de xuño de 2019, de xeito que:

#### **A) Onde di:**

....

*1.- Nomear a Dna. María Laura Baliño Gómez como Xefa de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas mensuais serán de 22.000,00 €, dividido en catorce mensualidades. O nomeamento e cese é libre e corresponde á Alcaldía. O cese será automático cando remate o mandato do actual Alcalde- Presidente*

.....

#### **Debe dicir:**

.....

*1.- Nomear a Dna. María Laura Baliño Gómez como Xefa de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 22.000,00 €, dividido en catorce mensualidades. O nomeamento e cese é libre e corresponde á Alcaldía. O cese será automático cando remate o mandato do actual Alcalde- Presidente*

.....



**Segundo.-** Tendo en conta as correccións aprobadas no punto anterior, a redacción definitiva do devandito Decreto da Alcaldía é a seguinte:

- Vista a proposta da Alcaldía- Presidencia de data 18/06/19, en relación co asunto que se trata de seguido.
- Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Visto o sinalado nos artigos 89, 90, 104 e 104-bis da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Visto o sinalado no artigo 250 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.
- Visto o sinalado no artigo 41 e 50 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Visto o sinalado no artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia local.
- Visto o sinalado no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Visto o sinalado nos artigos 29 e seguintes, e no artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Visto o Informe da Sra. Secretaria municipal de data 18/06/19, emitido con carácter favorable condicionado ao cumprimento do disposto no contido do seu informe.
- Visto o Informe favorable da Sra. Interventora municipal, asinado con data 18/06/19.
- Visto o acordo do Pleno celebrado o día 21 de xuño de 2019.

### RESOLVO

1º.- Nomear a Dna. María Laura Baliño Gómez como Xefa de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 22.000,00 €, dividido en catorce mensualidades. O nomeamento e cese é libre e corresponde á Alcaldía. O cese será automático cando remate o mandato do actual Alcalde- Presidente.

2º.- Publicar no BOP este nomeamento, xunto co seu réxime de retribucións e dedicación”.

O alcalde

(documento asinado electronicamente á marxe)

